

VENRES 18 DE FEBREIRO-20:30 H "Quixote" de Pedras de Cartón

"Dirixido por **Laura Sarasola** e interpretado por **Juan Rodríguez e Pablo Sánchez**, conta coa banda sonora orixinal de **Davide González** e un coitado vestiario realizado por **Diego Valeiras**.



+4

TEATRO
Público infantil
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 50'

"Espectáculo de teatro xestual que achega o clásico de **Cervantes** a toda a familia con humor, no que Don Quixote viaxa polas terras de Castela co seu velocipédo, acompañado do fiel Sancho e un triciclo cargado de maletas.

"Premio Barroco Infantil no XLIV Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro.

VENRES 11 DE MARZO-20:30 H "1888. A señorita Xulia" de Estudio Momento

Adaptación do clásico de **August Strindberg** que sorprende por actual e contundente. É posible a igualdade entre home e muller? Entre ricos e pobres? Tras o éxito de **1879. Casa de Bonecas**, Premio **Luís Villalta** pola Igualdade en 2018, esta compañía volve demostrar o seu compromiso co feminismo, rescatando un clásico para seguir afondando na ardua tarefa de construír un futuro mellor, no que as mulleres sexan quen de pensar e vivir por elas mesmas.



+16

TEATRO
Público adulto
Con entrada: 4 e 3 €
Duración: 60'

En escena: **Iria Ares e Xoán Carlos Mejuto**

CARTELEIRA DE INVERNO

XANEIRO FEBREIRO MARZO DE 2022

AUDITORIO E SALA DE EXPOSICIÓNS

Centro Cívico Cultural de Arteixo

www.arteixoo.org / cultura@arteixoo.org / 981641803

Venda de entradas: na billeteira do CCC de Arteixo o día da función en horario de 11:30-13:30 ou 2 h antes do seu comezo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan.

Distribución de invitacións: na billeteira do CCC de Arteixo 1 h antes do comezo da función até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan.

*Esta programación poderá sufrir variacións

VENRES 25 DE FEBREIRO-20:30 H "Libre como os paxaros" de Teatro do Atlántico



+16

TEATRO
Público adulto
Con entrada: 4 e 3 €
Duración: 60'

Dirixida por **Xulio Lago** e interpretada por **María Barcala**

24 de febreiro: **DÍA DE ROSALÍA**

Unha muller proclámase posuidora da súa liberdade. Declara non someterse ás regras da arte, nin acatar mandatos. Declara o seu amor pola literatura, a poesía e a lingua do seu país; o seu respecto e admiración polas mulleres escravizadas; e expresa a súa solidariedade polas súas miserables condicións de vida. Denuncia o espolio do patrimonio forestal; a traxedia da emigración para poder sobrevivir á fame e á miseria. **Muller galega**. Filla de nai solteira. E de pai cura. Chámase **María Rosalía Rita de Castro**.

VENRES 18 DE MARZO-20:30 H "Celestina, la tragicomedia" de Atalaya (Sevilla)

+16

TEATRO
Público adulto
Con entrada: 4 e 3 €
Duración: 105'



A **Celestina**, representa un instante de liberdade e de laicismo, onde os personaxes viven intensamente o "aquí e agora". Por algo foi acusada na Inquisición e na ditadura franquista de "ateísmo, nihilismo e materialismo".

As personaxes, como na actualidade, aparecen dominados polo presente, pola preza e a impaciencia de vivir, e de facelo intensamente. Todos eles expostos a dilemas constantes ante encrucilladas perigosas, o que lle transmite ao espectador unha constante tensión dramática e sorpresa. O público será testemuña da riqueza e o valor dunha obra única.

VENRES 4 DE MARZO-20:30 H "Microspectivas dun marica millennial" de Incendiaria



+16

TEATRO
Público adulto
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 65'

XXV Premios María Casares a mellor texto orixinal e mellor actor protagonista (Davide González)
Espectáculo íntimo e cargado de poesía desde o que cuestionar as certezas impostas que predestinan a construción da identidade. A partir da música e as artes do movemento, ofrece un espazo de transo no que redescubrir as raíces e refundar o presente.

EXPOSICIÓNS

Do 7-18 de xaneiro: **"The Monkey"**

Do 20 de xaneiro-8 de marzo
"XV Premio Luís Ksado de Creación fotográfica" da Deputación da Coruña

Do 11-31 de marzo: **"Exposición de debuxos de Eloy Roca Cobas"**



Deputación
DA CORUÑA



Xacobeo 21-22



VENRES 7 DE XANEIRO-20:30 H
"The monkey" de Parrocha Studio



Curtametraxe de animación con coprodución hispano portuguesa dirixida por **Xosé Zapata e Lorenzo Degl'Innocenti** seleccionada en máis de 12 festivais internacionais.


1588. Un náufrago da Armada Invencible enviada por Felipe II desde Lisboa para conquistar Inglaterra é capturado nunha praia de Irlanda. Alí é xulgado, declarado culpable e aforcado ata a súa morte. Todo sería moi razoable seguindo as leis da guerra e o odio entre os seres humanos, o problema é que o prisioneiro é un mono.

VENRES 21 DE XANEIRO-20:30 H
"Noites de retranca" con Manuel Manquín e Víctor Fábregas



O espectáculo de humor galego máis visto na historia do teatro do país, con máis de 45.000 espectadores e o único en conseguir permanecer durante 12 anos consecutivos nas carteleiras dos principais teatros de Galicia. Un espectáculo de humor cunha característica diferenciadora; non son monoloxistas de copa e taburete senón que **Noites de retranca** está representado por actores e actrices ofrecendo a súa vis cómica.

VENRES 4 DE FEBREIRO-20:30 H
"A lúa vai encuberta" de Incendiaria



1977. Primeiras Eleccións Xerais despois da ditadura franquista. Un grupo de teatro trata de continuar cos ensaios de **A lúa vai encuberta** de **Manuel María** pero, no proceso, o colectivo desfaiase definitivamente. 44 anos despois, dúas novas compañías retoman o traballo para levar a escena a obra e descubrir as razóns da disolución.

Esta peza xira sobre a realidade galega e a loita incesante por conformar unha identidade propia, confrontándonos co noso pasado recente e as súas contradicións e que explica, as razóns de por que hoxe en día o noso país ten os trazos políticos, sociais e económicos que o caracterizan.

VENRES 14 DE XANEIRO-20:30 H
"Bailar agora" de Marta Alonso Tejada Traspiedante



Nun mundo en constante precipitación, o tempo esgótase proxectándonos nun futuro que nunca chega. **Bailar agora** propón unha atención no presente e no concreto, na carne e no movemento, no movemento que é pensamento, investigando unha linguaxe humorística e crítica a través do movemento e a través dunha proposta escénica de danza moi física.

Bailar agora pon en contacto a bailarina e creadora **Marta Alonso Tejada** coa bailarina e directora internacional **Victoria P. Miranda**.

VENRES 28 DE XANEIRO-20:30 H
"Atrapado x la magia" 25 aniversario do Mago Xacobe



Con máis de 10.000 espectadores no seu anterior espectáculo, o Mago Xacobe presenta a 2ª parte con novos retos e xogos visualmente sorprendentes. Un show apto para todas as idades que sorprende con increíbles retos de escapismo, detalles da maxia máis íntima, aparicións, transformacións e ata anécdotas sorprendentes que envolven a esta arte milenaria. Déixache atrapar de principio a fin por este espectáculo cheo de maxia e emocións, unha posta en escena completamente visual, grandes retos do ilusionismo.

VENRES 11 DE FEBREIRO-20:30 H
"Valente e rebelde" de Trémola Teatro



*Algunha vez quixeches descubrir o que escribe a túa irmá maior no seu libro secreto? Anita conségueo e nel descobre que escribe e debuxa historias sobre a súa personaxe preferida. Poderás adiviñar cal é? Ambas as dúas darán vida a mil e unha aventuras a través de xogos e disfraces para demostrar que o mellor é ser **valente e rebelde**.*

Trémola Teatro é unha compañía formada por **Paula Regueiro** (actriz) e a arteixá **Lucía L. Golán** (actriz) a finais de 2017 en Madrid, ambas formadas na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).